



# SAMAÍN



O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO CEIP CURROS ENRÍQUEZ CONVIDA OS NOSOS NENOS E NENAS A CELEBRAR NO COLE O SAMAÍN 2024.

PARA ELO, ESTE ANO AS BRUXAS VAN FACER UNHA PARADA NO NOSO COLEXIO E PARA QUE NON NOS BOTEN UNHA DAS SÚAS APÓCEMAS DEBEMOS FACERLLES UNS GORROS. DECORÁDEOS BEN BONITIÑOS E NON ESQUEZADES POÑERLLE UNHAS PALABRAS TERRORÍFICAS EN GALEGO PARA QUE ELA FAGA O SEU CONXURO.

DEBEDES ENTREGALO ETIQUETADO CO NOME, APELIDOS E CURSO DE CADA ALUMNO/A ANTES DO 24 DE OUTUBRO PARA EVITAR QUE NOS BOTEN AS SÚAS MALDICIÓNS.

ESCOITA BEN, NENO PEQUENO,  
QUE A BRUXA RABUXA VOA XA  
SE FAS TRASNADAS E NON ES BO,  
UN MEIGALLO ESCURO LEVARÁS

CADA MAÑÁ OS TEUS LAPIS PERDERÁS,  
E AS TAREFAS, NUNCA ATOPARÁS.  
OS TEUS FOLIOS EN BRANCO APARECERÁN,  
E NAS PROBAS, BURACOS SÓ HABERÁ





# SAMAÍN CURROS ENRÍQUEZ

INVITACIÓN A UN DÍA  
TERRORÍFICO



# FESTA DE SAMAIÁN

Este Samaín, chegarán ao noso colexio as bruxas e para que non nos boten unha das súas apócemas faremos uns gorros de bruxa. Estes gorros decorádeos moi bonitiños e aterradores, xa que levarán unha palabra escrita en galego para que ela a poida empregar no seu conxuro.





# AGRADECIMENTO SAMAÍN

Dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP Plurilingüe Curros Enríquez queremos felicitarvos pola vosa participación na actividade deste Samaín.

Todas as bruxas que se achegaron a ver a vosa decoración quedaron asombradas polo voso traballo. Seguro que fixeron un bo conxuro coas vosas palabras terroríficas escritas en cada gorro.

Animádevos a seguir empregando estas terroríficas palabras en galego, xa que as bruxas estarán moi orgullosas.



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

